

RESULTADOS DA CONVOCATORIA DE XUÑO DE 2017

1º) Resultados

Como se pode observar a cualificación media segue unha tendencia á alza de forma suave pero continuada desde 2013.

O cambio de posición da Xeografía no bacharelato explica que o alumnado matriculado nas EBAU descendese de forma notoria; nos cursos anteriores, do total do alumnado que se examinaba de selectividade, en torno ao 26% facíao de Xeografía, mentres que nesta convocatoria só son o 17%. As consecuencias que se manifestaron o ano pasado polos correctores en relación a este cambio na materia víronse confirmadas.

XEOGRAFÍA: datos comparativos

	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017
Presentados	2.990	2.841	2.854	2.661	2.467	2.538	1.495
Reclamacións	420	212	222	259	182	163	80
2ª Correccións	310	235	238	262	210	194	110
NOTA MEDIA	5,57	5,13	5,11	5,12	5,20	5,49	5,66

Fte.: CIUG, varios anos

Nesta convocatoria a media de exames aprobados foi o 74%, e a nota media obtida foi 6,1. Na materia de XEOGRAFÍA a nota media foi 5,66 e aprobaron o 65%.

A partir da análise dunha mostra das cualificacións de cada unha das preguntas (Definicións, Práctico, Tema) e comparando os datos de xuño de 2014 e 2017, conclúese que houbo unha mellora xeral nas cualificacións do práctico en primeiro lugar, e do tema. En 2014, só o exercicio de vocabulario alcanzaba o aprobado (1,53 sobre 2 puntos), mentres que nin o práctico nin o teórico chegaban aos dous puntos necesarios para aprobar (sobre 4 puntos de cada pregunta). En 2017, todas as preguntas alcanzan o aprobado, e a máis elevada é o exercicio práctico; a razón débese a que se resolve ben a cuestión de localización, e

ocorre outro tanto coa identificación dos documentos, aspecto que debe de traballarse bastante na aula porque a mellora foi notable. Pola contra, non se alcanza o mesmo nivel de resposta á hora de comentar os documentos correspondentes (deficiencias en análise e síntese). A pregunta teórica alcanza o aprobado xusto; obsérvase un déficit na estruturación e claridade das respostas.

	2014	2017
Vocabulario	1,53	1,35
Práctico	1,85	2,3
Teórico	1,74	2
Nota media	5,12	5,65

Fte.: datos suministrados polos correctores e elaboración propia.

2º) Valoración xeral do nivel de coñecementos, segundo a información dos correctores

A valoración global sobre o nivel de coñecementos reflicte o seguinte.

No relativo a CONTIDOS e a partir da opinión dada polos correctores, dedúcese que en todos os ítems sinalados, o alumnado está nun nivel aceptable ou bo. Con todo, cabe facer unha serie de matizacións. A amplitude de coñecementos responde a esa media: aceptable e bo e mellora en relación ao pasado ano. Non é tan favorable a precisión e rigor nos conceptos, xa que na cuarta parte dos casos considérase escasa, o que tamén se resalta nas observacións dos correctores; os conceptos non se coñecen o suficiente, non se empregan sempre ben e nalgúns casos directamente deixan de empregarse ao contestar as preguntas; esta situación é lixeiramente peor que a do ano anterior.

CONTIDOS

	1	2	3	4	5
Amplitude de coñecementos			56,25	43,75	
Precisión e rigor en conceptos		25,00	43,75	31,25	
Capacidade de análise	6,25	18,75	68,75	6,25	
Capacidade de síntese		6,66	86,66	6,66	

1: moi escasa; 2: escasa; 3: aceptable; 4: boa; 5: moi boa.

Fte.: Información facilitada polos correctores e elaboración propia.

O maior déficit obsérvase na capacidade de análise, problema que vén repetíndose en anos anteriores. Efectivamente o alumnado mostra bastante dificultade en analizar os documentos que se presentan e é frecuente que substitúa a devandita análise por unha resposta xeral e de tipo teórico sobre o tema central do exercicio práctico. Mellorou lixeiramente en relación ao ano anterior, aínda que tamén cabe dicir que nunha porcentaxe baixa a situación é moito peor, o que responde ao que observan os correctores: hai exames moi bos pero outros son moi deficientes.

En capacidade de síntese a situación é máis favorable e con tendencia á mellora.

Como xa concluímos en anos anteriores, o alumnado ten coñecementos pero fáltalle o hábito de interrelacionalos, de utilizar a linguaxe específica de Xeografía e de analizar os documentos propios desta materia. Cremos que o problema está na amplitude dos programas de xeografía, tanto no nivel de ESO como no de Bacharelato, o que impide dedicar tempo ao ensino-aprendizaxe para o achegamento, uso, manexo, análise, etc. dos documentos propios da Xeografía.

No relativo aos ASPECTOS FORMAIS, a situación é a seguinte.

ASPECTOS FORMAIS

	1	2	3	4	5
Presentación		18,75	37,5	43,75	
Lexible			50,00	50,00	
Ortografía e puntuación	18,75	12,5	43,75	25,00	
Corrección gramatical	6,66	13,33	60,00	20,00	
Coherencia e orde na exposición	25,00	62,50	12,50		

1: moi escasa; 2: escasa; 3: aceptable; 4: boa; 5: moi boa.

Fte.: Información facilitada polos correctores e elaboración propia.

En todos os ítems houbo unha lixeira mellora respecto ao ano anterior a excepción de Coherencia e orde na exposición. O aspecto mellor valorado é a lexibilidade, que se considera aceptable-boa. A presentación tamén se considera aceptable-boa con algunha excepción que a considera escasa. A ortografía e a corrección gramatical é claramente mellorable; quizáis sería necesario avaliar este aspecto cun peso na nota final do exame tal como acontece noutras CCAA; a día de hoxe si se sinalan as faltas ortográficas á hora de corrixir pero non se avalían. E como se sinalou máis arriba, a peor valoración tena a Coherencia e orde na exposición que, ademais, empeorou respecto ao ano anterior. A pesar de que en cada pregunta hai un guión para facilitar unha orde nas respostas, non se segue sempre e hai unha tendencia a ir escribindo parágrafos independentes sen ningún fío condutor entre os mesmos. Todo iso reflicte que o alumnado se pon a contestar o exame sen facer unha lectura sosegada e polo miúdo dos enunciados, unha reflexión previa e un guión sinxelo antes de empezar a contestar as preguntas. Isto lévanos a incidir sobre o xa dito con anterioridade: necesidade da aprendizaxe de procedementos reducindo os contidos.

Tanto nuns como noutros aspectos si é evidente a desigualdade entre uns e outros exames que, nunha serie deles, móvense entre extremos.

3º) Grado de traballo de determinados aspectos na aula

A partir dos resultados obtidos, percíbese que uns aspectos se traballaron máis na aula que outros, aínda que no caso dos últimos hai que ter en conta que poden terse traballado e non asimilado ben polo alumnado, xa porque sexan máis difíciles, xa porque se traballaron a principio de curso e estean máis esquecidos ou por calquera outro motivo.

Aspectos que se traballan con excesivo detalle na aula:

Vocabulario/Definicións

Temas teóricos

Especificamente os seguintes temas: la evolución xeomorfolóxica, temas de poboación y os de xeografía económica

Hai correctores que pensan que ningún tema pode traballarse excesivamente porque non hai tempo para iso.

En conxunto as observacións son semellantes ás do pasado ano.

Aspectos que se traballan insuficientemente na aula:

A este respecto coincídese en que se traballan pouco na aula determinados aspectos, que se reiteran como en anos anteriores.

Algúns son transversais; así se sinala que a análise e reflexión non se traballan suficientemente, aínda que sexa moi necesario xa que o alumnado ten un claro déficit neste aspecto, como se observa ano tras ano. De todos os xeitos, non sería en 2º de bacharelato cando debese traballarse este aspecto senón que tería que iniciarse xa na ESO, o que non é posible se non se reduce o temario. Agora ben, é evidente que hai unha necesidade clara de solventar esta carencia.

Na mesma liña están outros aspectos como a interpretación e comentario de mapas e gráficos.

Noutros casos sinálanse contidos específicos e que nalgún caso teñen relación coas preguntas do exame: estrutura da propiedade agraria, xeografía física, hidrogramas ou a ordenación territorial e a xeopolítica.

E xa por último, tamén se sinala que se traballan insuficientemente os prácticos porque non hai tempo para traballalos todos.

4º) Comentarios sobre cada opción segundo os correctores.

Unha gran maioría do alumnado optou pola Opción A (81%) fronte á Opción B (19%), e o nivel de aprobados tamén tivo claras diferenzas: 70% na Opción A e 57% na Opción B. Cremos que esa elección maioritaria pola opción A debeuse a dúas razóns. En primeiro lugar pola dificultade na comprensión e a análise dos hidrogramas, como xa se observou noutras ocasións; isto fai que esa opción se rexeite de principio. E en segundo, porque hai unha tendencia xeral a preferir preguntas de xeografía da poboación xa que se entende erroneamente que son moi fáciles de contestar, porque existe unha opinión xeral de que calquera pode tratar ese tema.

OPCIÓN A:

Definicións:

En xeral o vocabulario contestouse adecuadamente. Descoñecemos a razón pola que algúns alumnos definiron máis de 4 termos; non sabemos se o fixeron por non ler ben o enunciado ou porque pensaban que se lles cualificarían as catro mellor definidas. Convén informar de que se corrixen as catro primeiras definicións e óbvianse as restantes; facer o contrario sería inxusto para o alumnado que se cinguise ao enunciado (definir só catro termos).

Práctico:

Aínda que a cuestión de localización considerouse fácil, nalgún caso confundíronse CCAA con provincias. Algún corrector sinala que non se vían ben os límites provinciais; ante isto cabe dicir que se isto fose así, as

provincias a localizar eran as de cor cabaza onde eses límites quedaban moi claros.

A identificación das figuras é incompleta.

Dificultades nos réximes demográficos. Non explican as causas do cambio de réxime demográfico.

Na cuestión d) quedaría máis claro especificar natalidade e mortalidade no canto de causas. Ante isto cabe sinalar que na resposta era necesario sinalar as causas que explican o último réxime demográfico, non como son natalidade e mortalidade que van implícitas nos trazos dese réxime e que se desenvolven na cuestión anterior.

Tema:

O tema é habitual. Houbo quen o preparou ben, organizouno e desenvolveu de maneira axeitada.

Non obstante o anterior, o tema é complexo, e non expoñen nin ben nin con precisión. Faltan ideas, non utilizan ben os termos e cambian os nomes das eras a pesar de que son conceptos básicos. Falta coherencia en moitas ocasións.

OPCIÓN B:

Definicións:

En xeral o vocabulario contestouse adecuadamente.

Práctico:

As observacións feitas polos correctores responden ao xa mencionado con anterioridade: dificultade cos hidrogramas:

Confusión na análise do hidrograma porque non entenden os conceptos.

Moi incompleto porque non se sabe comentar un hidrograma.

Non saben identificar nin comentar o hidrograma; descoñecen que é K.

Descoñécese o básico para comentar un hidrograma, e tamén os conceptos asociados.

Dificultade para analizar o hidrograma e responder que é K.

Non saben facer este comentario.

Ademais faise unha observación sobre a figura: no mapa aparecen puntos en vermello sen identificar. Sobre esta observación, cabe sinalar que esa información non era necesaria para contestar á pregunta de localización.

Tema:

Debido á adaptación que tivo que facerse nas novas probas (EBAU) atendendo á Orde ECD/1941/2016, de 22 de decembro, houbo unha substitución de temas con respecto ao curso anterior tal como pode observarse a continuación.

Curso 2015-16

- *Os usos do solo e a súa distribución: tipos e factores explicativos:*
 - Tipos: terras labradas, prados e pastos, áreas forestais, restantes usos do solo.
 - Factores: condicións naturais (dominios atlántico, mediterráneo e subtropical e áreas montañosas e chairas) e estrutura da propiedade.

Curso 2016-17

- *As paisaxes agrarias españolas:*
 - Condicións naturais (dominios atlántico, mediterráneo e subtropical e áreas montañosas e chairas).
 - Estrutura da propiedade.

Esta información aloxouse na páxina web da CIUG no mes de febreiro, por tanto con tempo suficiente antes do exame para informar ao alumnado. Con todo en moitos casos obsérvase que se contesta ao tema anterior, como se desprende dos comentarios dos correctores:

Confusión no contido do tema.

Moi incompleta: non se tratan nin factores físicos nin estrutura da propiedade.

Confusión co tema; desenvólvese tipos de cultivos. As condicións naturais e os dominios apenas se citan.

Seguen desenvolvendo os usos do espazo agrario: non se lles avisou do cambio.

No tema ao citar condicións naturais deberíamos dicir factores físicos e humanos: deu lugar a confusión.

Non entenderon que se preguntaba con Condicións naturais e pasaron aos dominios directamente.

O tema era novo e expuxérono mal.

Dificultade en contestar Estrutura da propiedade.

Non saben o que se pide.

5º) Observacións dos correctores.

As observacións xerais dos correctores englobábase nos seguintes aspectos.

Perciben unha mellora respecto de anos anteriores na definición de conceptos e na pregunta de localización.

Faise referencia ao tema da opción B que ao estar modificado contestouse con erros.

Insisten en que hai un déficit na organización dos contidos (o devandito con anterioridade sobre estruturación das respostas). Aínda que tamén hai quen opina que deberían eliminarse os apartados das preguntas cando pensamos que axudan á súa estruturación.

Recoméndase insistir na ortografía e a lexibilidade.

Faise a observación seguinte: Na Opción A, no práctico, as cuestións c) e d) se solapan. Realmente, e como xa se dixo con anterioridade, as respostas son moi diferentes; na cuestión c) débense explicar os tipos de réximes e no d) as causas que explican o porqué chegouse ao último non como é.

E por último hai unha observación xenérica sobre a amplitude do currículo de Xeografía: Non se pode competir con materias nas que só se estudan dous autores. O noso libro ten 500 páxinas.

6º) Propostas dos correctores.

Como xa se constatou en apartados anteriores, hai unha preocupación xeral pola excesiva carga no currículo de xeografía. A iso únese que esta materia se retoma en 2º de bacharelato desde 3º de ESO, coa consecuencia de que os coñecementos están bastante esquecidos. E desde o curso que agora remata, a materia é optativa o que xera que parte do alumnado non a curse pola dificultade que entraña.

Algunhas das propostas que fan os correctores inciden na necesidade de recortar o programa e máis concretamente o número de prácticos para poder traballar todos na aula. Nalgúns casos concrétase na redución de prácticos de xeografía física porque se consideran máis difíciles. Mesmo se suxire a posibilidade de editar e difundir unha guía para resolver os prácticos.

Outras recomendacións céntranse na necesidade de incidir na aula na identificación, interpretación e comentario de mapas e gráficos, para que saiban utilizar correctamente os documentos propios da xeografía.

Outra recomendación é reiterar na aula que se lean ben os enunciados e que se sigan os guiños ou as cuestións das preguntas antes de desenvolveselas.

E por último, suxírese a posibilidade de incluír varios temas teóricos en cada opción, para elixir un. Así mesmo considérase que o tema da formación e evolución do relevo de España sae con demasiada frecuencia.